

ORDENANZA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES

FUNDAMENTO E RÉXIME

Artigo 1

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.t) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 citado.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación polo Concello dos seguintes servizos:

- Subministración de auga potable
- Acometidas á rede xeral de abastecemento de auga
- Mantemento de contadores

DEVENGO

Artigo 3

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de iniciarse a prestación do servizo, previa solicitude ou desde que se utilice éste sin ter obtido a previa autorización.

2. O periodo impositivo será bimensual

OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Artigo 4

1. Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

2. Terán consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cuotas sobre os respectivos beneficiarios.

BASE IMPOÑIBLE

Artigo 5

A base do presente tributo estará constituída por:

- Os metros cúbicos de auga consumida.
- Nas acometidas á rede xeral: A actividade municipal técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida da mesma á rede municipal de abastecemento de auga

CUOTAS TRIBUTARIAS

Artigo 6.-

1. Tarifa: A contía da taxa regulada nesta ordenanza, será a fixada na tarifa seguinte:

A. CONSUMOS

<u>TARIFAS</u>	<u>IMPORTE/BIMESTRE</u>
<u>Tarifa T1. Subministración para uso doméstico</u>	
Cuota de mantemento	0,80 €
Primeiros 50 metros cúbicos de consumo	0,20 €/M ³
De 51 a 100 metros cúbicos de consumo	0,40 €/ M ³
De 101 a 200 metros cúbicos de consumo	0,60 €/ M ³
Máis de 200 metros cúbicos de consumo	0,80 €/ M ³
<u>Tarifa T2. Subministración de auga provisional para obras</u>	
Cuota de mantemento	1,60 €
Primeiros 50 metros cúbicos de consumo	0,40 €/ M ³
De 51 a 100 metros cúbicos de consumo	0,80 €/ M ³
De 101 a 200 metros cúbicos de consumo	1,20 €/ M ³
Máis de 200 metros cúbicos de consumo	1,60 €/ M ³
<u>Tarifa T3. Subministración para usos comerciais, industriais ou agropecuarios</u>	
Cuota de mantemento	0,80 €
Primeiros 50 metros cúbicos de consumo	0,20 €/ M ³
De 51 a 100 metros cúbicos de consumo	0,40 €/ M ³
De 101 a 200 metros cúbicos de consumo	0,60 €/ M ³
Máis de 200 metros cúbicos de consumo	1,00 €/ M ³
<u>Tarifa T4. Subministración para organismos oficiais ou entidades prestadoras de servizos sociais e asistenciais</u>	
Cuota de mantemento	0,80 €

Primeiros 50 metros cúbicos de consumo	0,20 €/ M ³
De 51 a 100 metros cúbicos de consumo	0,40 €/ M ³
De 101 a 200 metros cúbicos de consumo	0,60 €/ M ³
Máis de 200 metros cúbicos de consumo	0,80 €/ M ³

B. ACOMETIDAS Á REDE DE AUGAS

* Segunda e posteriores acometidas----- 60,00 €

2. 1.- Establécese unha taxa equivalente á cantidade de 50 € por dereitos de enganche en concepto de entronque de carácter temporal á rede de abastecemento de auga e consumo que deberá abonarse polo solicitante de entronque provisional sempre e

cando sexa preceptiva a presentación do correspondente proxecto técnico para a execución de obras cuxo prazo de execución sexa inferior ó bimestre.

2.- A solicitude deberá presentarse no rexistro municipal de entrada no modelo facilitado ó efecto, debendo especificarse os datos do solicitante e da obra e aboarse a taxa en réxime de autoliquidación.

EXENCIÓNS, REDUCCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 7

Gozarán dunha bonificación total correspondente ós primeiros 50 metros cúbicos de consumo aqueles usuarios que se relacionan no Anexo á presente Ordenanza e polos motivos que se expoñen.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8

1.-A débeda tributaria derivada da taxa polo subministro de auga liquidarase por padrón. A inclusión no padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da tramitación dunha solicitude de alta ou da actividade de inspección municipal.

2.- O periodo de liquidación coincidirá co impositivo sinalado no artigo 3.2 desta Ordenanza, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo carácter irredutible.

3.- A recadación da taxa realizarase mediante recibo no que se poderán facer constar conxuntamente as cuotas a aboar polo mesmo usuario pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbáns así como polo servizo de rede de sumidoiros, no seu caso. O periodo voluntario de cobro fixarase en dous meses desde a aprobación do correspondente padrón bimensual.

4.- O ingreso das cuotas practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso ante os servizos de recadación do Concello.

5.- Esixirase en réxime de autoliquidación tributaria a taxa por segundas e posteriores acometidas á rede xeral e os entronques a que fai referencia o artigo 6.2 da presente Ordenanza Fiscal.

6.- O impago en periodo voluntario dos recibos orixinará automaticamente o inicio do periodo executivo, sen perxuízo do disposto no artigo 25.a) do Regulamento do Servizo.

7.- Nos casos en que por erro ou calquera outra causa o Concello facturara cantidades inferiores ou superiores ás debidas poderá compensa-la diferenza ben de xeito escalonado nos sucesivos recibos ben de xeito único no recibo do bimestre seguinte ó que se detectou o erro.

8.- A modificación de tarifas vixentes surtirá efectos a partir do bimestre seguinte á súa publicación definitiva.

RESPONSABLES

Artigo 9

Ós efectos de recoñecer ós responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Artigo 10

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto no Regulamento do Servizo, estarase ó dispuesto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga potable.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no B.O.P. e comenará a aplicarse o bimestre de facturación seguinte que corresponda, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO

RELACIÓN DE USUARIOS CONSUMIDORES DE AUGA QUE GOZAN DA BONIFICACIÓN
PREVISTA NO ARTIGO 7 DA ORDENANZA FISCAL

1.- JOSÉ PERNAS SOTO, con D.N.I. 32567612A

Situación do contador: Vilachá 47, Portocelo

Motivo da bonificación: ter cedido os terreos para a construción do depósito de auga de Vilachá

2.- JESÚS COCIÑA QUELLE, con D.N.I. 33833376P

Situación do contador: Villalpol, 9, Portocelo

Motivo da bonificación: ter cedido os terreos para a construción do depósito de auga de Villalpol

3.- JOSE GALDO LAGE, con D.N.I. 33705138H

Situación do contador: Ponte do Carro, 6, A Rigueira

Motivo da bonificación: dispor dun muiño que resultou inutilizado ó surtirse de auga do embalse

4.- AGAPITO YÁÑEZ YÁÑEZ, con D.N.I. 33763970Q

Situación do contador: Loureiro, 4, Monte

Motivo da bonificación: ter cedido os terreos para a construción do depósito de auga de Monte

5.- RAÚL LÓPEZ CRUZ, con D.N.I. 33769293A

Situación do contador: Aldea de Arriba, 18, Morás

Motivo da bonificación: ter cedido os terreos para a construción do depósito de auga de Morás.

6.- PILAR PRIETO PRIETO, con D.N.I. 33992876A

Situación do contador: Aspera, 2, Lago

Motivo da bonificación: ter cedido os terreos para a construción do depósito de auga de Lago.